

Resolución da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería Técnica Agrícola resultante do período de actualización, convocado por resolución do 27 de setembro de 2024 (DOG do 30 de setembro de 2024), pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería Técnica Agrícola, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 27 de setembro de 2024 (DOG 30 de setembro de 2024) e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou aprobar as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería Técnica Agrícola, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 27 de setembro de 2024 (DOG 30 de setembro de 2024).

Segundo.- Facer pública as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.2 e nas bases específicas 1.4.2, acordou facer públicas as listas provisionais de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as ao proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñería Técnica Agrícola, resultante do período de actualización de listas, convocado por resolución do 27 de setembro de 2024 (DOG 30 de setembro de 2024) que figuran como ANEXO á presente resolución, e con indicación, no caso dos/as candidatos/as excluídos/as, da causa determinante da súa exclusión.

Terceiro.-Emendas.

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3, os/as candidatos/as excluídos/as disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, para poderen efectuar reclamacións ante a Directora-Xerente de SEAGA e emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

As resolucións da Directora-Xerente serán motivadas, se ben a estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderanse implícitas na resolución da Directora-Xerente pola que se aproben e se fan públicas as listaxes definitivas de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as. De non haber



reclamacións ou emendas, as listas previas de admitidos/as e excluídos/as enténdese aprobadas definitivamente.

As emendas e/ou reclamacións dos/as candidatos/as poderán ser presentadas:

-nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30 h e os venres de 09:00h a 14:00h

-de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, nas oficinas sitas en:

- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lgr. Cabanas - Salcedo, 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

- Nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con acuse de recibo (debendo, neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir vía correo electrónico a seleccion@epseaga.com a acreditación de dita presentación)

- Electrónicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PR004A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA). Indicar que os documentos aportados por este medio deberán contar co correspondente código de verificación electrónica. No caso de que a documentación que se presente sexa un documento orixinal en papel ou que carece de sinatura electrónica e/ou validación electrónica, deberá presentarse nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia a efectos de acreditar que é copia electrónica auténtica do documento.

Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada por SEAGA e a cotexada polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración Pública:



- a) A Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.
- b) Os Organismos Autónomos, as Entidades Públicas Empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

A presentación de emendas e/ou reclamacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Rematando o prazo de presentación de emendas e/ou reclamacións o día 28 de marzo de 2025 (inclusive).

A Presidenta da Comisión de Selección.

Asdo.- M^a Jesús Cobas Ríos.

